

## ACTA Nº 25/09

### **SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL REALIZADA O DÍA 1 DE XUÑO DE 2009**

#### **Asistentes:**

##### **CONCELLEIROS:**

D. Arturo González Pérez.  
D. Víctor Manuel Pastoriza Lino.  
D. Daniel Rodas Chapela.  
D. Valentín Piñeiro González  
D.<sup>a</sup> Libertad Cruz Couso.

Secretario accidental: José Rodríguez Veloso

Na Casa do Concello de Moaña, o 1 de xuño de 2009, reúnen-se as devanditas persoas baixo a presidencia do señor alcalde, D. Xosé Manuel Millán Otero, asistidos por min, o secretario, coa finalidade de realizar a sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local, anunciada para o día de hoxe ás 18:00 horas, en primeira convocatoria.

A Presidencia declara aberta a sesión ás 18:10 horas.

#### **1.- APROBACIÓN, SE É O CASO, DA ACTA ANTERIOR.**

Dáse conta do borrador da acta da sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local número 24/09, do 25/05 e a Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade dos asistentes, acorda aprobar ditas actas.

#### **2.- LICENZAS DE OBRAS**

Vistos os expedientes instruídos a instancia dos interesados que de seguido se relacionan e examinados os informes do técnico e do secretario municipais, a Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade das persoas asistentes, acorda conceder a licenza de obras, que serán efectivas, no seu caso, a partir da licenza de primeira ocupación, deixando a salvo os dereitos de propiedade e sen prexuízo de terceiros e, con circia subxección aos condicionamentos establecidos nos devanditos informes, e tras o pagamento das taxas correspondentes.

**2.A) EXPTE. 102/09 – D. GABRIEL CURRÁS DEL RÍO** presenta estudo técnico para substitución de tella en cubrta en vivenda situada na Fanequeira, Meira, de conformidade co estudo técnico presentado, redactado polo arquitecto técnico D. José Buceta Amoedo, visado na data 21.05.2009.

Dáse conta do informe do aparelador municipal do día 26 de maio de 2009, que literalmente di:

**ASUNTO:** PROXECTO DE CONSERVACIÓN (OBRA MAIOR)

**INFORME:** Procede licenza das obras de conservación definidas en proxecto.

Non precisa informes sectoriais.

Edificación en situación de fóra de ordenación.

A presente licenza outorgase o abeiro do disposto no Artigo 9º da lei 9/2002 de 30 de decembro de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia

Os deberes de uso, conservación e rehabilitación que propugna o presente proxecto se centran na simple conservación da cuberta, a substitución dos elementos de tella mixta en mal estado e engadir un aillamento térmico; co mantemento estrutural da mesma salvo reforzos circunstanciais e puntuais así como do uso preexistente.

O expediente conta con Estudo básico de seguridade e saúde.

#### **Liquidación provisoria de tributos**

Imposto sobre construcións .....	112,00 €
Taxas licenza urbanística.....	65,00 €
Cartel de obra.....	110,00 €

**2.B) EXPTE. 103/09 – D. JESÚS TRIGO CAO** presenta proxecto para reconstrución de muro de contención na marxe do río Atranco, na Mingueciña, Meira-Moaña, cunha lonxitude de 9,50 m. e unha altura máxima de 1,20 m., sen sobrepassar en ningún caso o nivel do terreo, de conformidade co proxecto presentado, redactado polo enxeñeiro técnico agrícola D. Francisco Díaz Juncal, visado na data 20.05.2009.

Dáse conta do informe do aparelador municipal do día 28 de maio de 2009, que literalmente di:

**ASUNTO:** RECONSTRUCCIÓN DE MURO DE CONTENCIÓN.(OBRA MAIOR).

**INFORME:** Procede licenza.

Require informes sectoriais.

No expediente consta autorización administrativa de Augas de Galicia, cuxos condicionados xerais e particulares da autorización a obra debe someterse. Fundamentalmente a lonxitude de muro a reconstruir será de 9, 50 m., a altura comprendida entre 1,00 e 1,20 m. sin sobrepassar o nivel do terreo. Deixarase permanentemente expedita a zona de servidume de paso nunha banda de 5,00m. De ancho, medido do bordo ocupado polas augas nas máximas enchentas ordinarias

O expediente consta co Estudo básico de seguridade e saúde.

#### **Liquidación provisoria de tributos**

Imposto sobre construcións .....	67,79 €
Taxas licenza urbanística.....	65,00 €

**2.C) EXPTE. 72/09 – COMUNIDADE DE MONTES VECIÑAIS EN MAN COMÚN DA PARROQUIA DE MEIRA**, presenta proxecto de rehabilitación de edificio (local social) sito no lugar do Forte, nº 41, do barrio da Guía – Meira, Moaña, de conformidade co proxecto presentado, redactado polo arquitecto técnico D. Cristóbal Brañas Pena, visado na data 20.04.2009.

Dáse conta do informe do aparelador municipal do día 28 de maio de 2009, que literalmente di:

**ASUNTO:** PROXECTO DE REHABILITACIÓN (OBRA MAIOR)

**INFORME:** **Procede licenza** das obras de rehabilitación definidas en proxecto.

Non precisa informes sectoriais.

A presente licenza outórgase o abeiro do disposto no Artigo 9º da lei 9/2002 de 30 de decembro de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia

Os deberes de conservación e rehabilitación que propugna o presente proxecto se centran no cambio de cuberta, na rehabilitación interior da edificación co mantemento das súas dimensións totais, mantemento da estrutura así como do uso preexistente como local social da Comunidade de Montes.

O expediente conta con Estudo básico de seguridade e saúde.

### **Liquidación provisoria de tributos**

Imposto sobre construcións .....	2.805,81 €
Taxas licenza urbanística.....	250,52 €
Cartel de obra.....	110,00 €

### **3.- DENEGACIÓN DE LICENZA**

**EXPTE. DE OBRAS S/N – R.E. Nº 1209 – D. FERNANDO FERNÁNDEZ SOLLA**, por escrito do 11 de febreiro de 2009, solicita licenza municipal de obras para a construción dun pórtico de madeira desmontable e achega autorización da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda.

Visto o informe do aparelador municipal do día 29 de maio de 2009, que textualmente di

**ASUNTO:** ESTRUCTURA DE MADEIRA PARA PORCHE.(OBRA MAIOR)

**INFORME:** **Non procede licenza.**

No expediente consta informe favorable do Servizo Provincial de Estradas para pórtico desmontable cuxa condición xeral 1 especifica que a presente resolución outorgase a reserva das demais autorizacións ou licenzas necesarias. Obra provisional.

Segundo informe efectuado polo arquitecto técnico municipal con data de 09 de xuño de 2008 as obras erixidas sobre a terraza da vivenda unifamiliar existente tipifícanse como ilegalizabeis.

Ante a solicitude de licenza, debe resolverse que as presentes obras afectadas por un sistema xeral, aínda provisionais, deben ser denegadas por ser uso residencial e incumprir o Artigo 102 da lei 9/2002, reformada pola 15/2004 de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia.

O presente acordo deberá incorporarse o expediente 15/2008 de reposición da legalidade.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda que non procede a concesión da licenza solicitada polos motivos recollidos no informe do aparelador municipal, e que se incorpore este acordo ao expediente 15/2008 de reposición da legalidade..

#### **4.-PECHE**

Visto o expediente instruído a instancia do interesado que de seguido se relaciona e examinado o informe do técnico, a Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade dos señores asistentes, acorda conceder a licenza de peche, deixando a salvo os dereitos de propiedade e sen prexuízo de terceiros e, con circia suxeición ós condicionamentos establecidos no devandito informe, e tralo pagamento das taxas correspondentes.

**EXPTE. 06/09, D. JOSE MANUEL DIZ RODRÍGUEZ** solicita a construción de peche de finca no lugar da Moureira, Meira, Moaña, cunha lonxitude de 30 m lineais e unha altura de 1,50 m. a base de bloques e malla metálica, de conformidade coa documentación presentada.

Dáse conta do informe do aparelador municipal do día 26 de maio de 2009, que literalmente di:

**ASUNTO:** CERRAMENTO

**INFORME:** **Procede licenza.**

Require informes sectoriais.

No expediente consta autorización da Consellería de Cultura e Deportes.

As características do cerramento serán as especificadas na documentación técnica presentada.

#### **Liquidación provisoria de tributos**

Imposto s/construción ..... 48,16 €

Taxas licenza urbanística ..... 65,00 €

#### **5.- OUTROS ESCRITOS E LICENZAS**

**5.A)** Visto o escrito remitido pola Xunta de Galicia, CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE – AUGAS DE GALICIA, no que solicita informe previo do Concello para a tramitación da solicitude de autorización administrativa para instalación dun portal de reixa metálica e peche de malla metálica en zona de policía do rego do Inferno, no lugar da Pontella, parroquia da Paradela, no Concello de Moaña, solicitada por D.<sup>a</sup> Sheila Pequeño Couso, CLAVE: DH.W36.15553, para o que achega o proxecto –do que pide a súa devolución-,

Dáse conta do informe do aparelador municipal do día 28 de maio de 2009, que literalmente di:

**ASUNTO:** PETICIÓN DE INFORME DE AUGAS DE GALICIA.

Procede informar favorablemente a solicitude de autorización administrativa promovida por dona Sheila Pequeño Couso para a instalación dun portal de reixa co seu retranqueo debido do vial e peche de postes e malla metálica de 1,50 metros de altura a lindantes. Petición de Augas de Galicia baixo a clave **DH. W36. 15553**.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistente acorda aprobar o informe elaborado polo aparelador municipal e **remitilo á Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible - Augas de Galicia, Demarcación Galicia Sur**.

**5.B)** Visto o escrito remitido pola Xunta de Galicia, CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE – AUGAS DE GALICIA, no que solicita informe previo do Concello para a tramitación da solicitude de autorización administrativa para construción de peche de postes e malla metálica en zona de policía do río O Pontillón, no lugar de Piñeiro, parroquia de Berducedo, no Concello de Moaña, solicitada por D.<sup>a</sup> Josefa Coloret Santomé, CLAVE: DH.W36.15501, para o que achega o proxecto –do que pide a súa devolución–,

Dáse conta do informe do aparelador municipal do día 28 de maio de 2009, que literalmente di:

**ASUNTO:** PETICIÓN DE INFORME DE AUGAS DE GALICIA.

Procede informar favorablemente a solicitude de autorización administrativa promovida por dona Josefa Coloret Santomé para a instalación dun peche de postes e malla metálica de 1,50 metros de altura a lindantes. Petición de Augas de Galicia baixo a clave **DH. W36. 15501**.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistente acorda aprobar o informe elaborado polo aparelador municipal e **remitilo á Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible - Augas de Galicia, Demarcación Galicia Sur**.

**5.C)** Visto o escrito remitido pola Xunta de Galicia, AXENCIA DE PROTECCIÓN DA LEGALIDADE URBANÍSTICA – Servizo provincial de Pontevedra, no que solicita informe previo do Concello, en relación coas súas competencias con especial referencia aos aspectos urbanísticos así como da adecuación ao planeamento municipal da solicitude de autorización de D.<sup>a</sup> MÓNICA PARDAVILA ACEVEDRO para a reparación de terraza en cuberta e substitución de ventás exteriores, en Baixda de Latón, 305, EXPTE.: A-PO 2008/392.

Dáse conta do informe do aparelador municipal do día 25 de maio de 2009, que literalmente di:

Atendendo a petición formulada pola Axencia de Protección da Legalidade Urbanística da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestructuras, relativo a solicitude de autorización efectuada por Dna. MONICA PARDAVILA ACEVEDO (Expte. A-PO 2008/392) para reparación de terraza de cuberta e substitución de ventás exteriores.

As presentes obras de mantemento e conservación executaranse o abeiro do disposto no Artigo 9 da lei 9/2002, reformada pola 1472004 de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia.

Clasificación urbanística según as NN. SS. de Planeamento Municipal : solo urbano (adxuntase ordenanza).

#### 2.3.4.1.2. **Ordenanza 2. De edificación unifamiliar.**

##### - Definición e ámbito.

Comprende esta ordenanza as extensións de solo urbano consolidado mediante tipoloxías mixtas para vivenda familiar cun ámbito que se define nos Planos de ordenación.

##### - Sistema de ordenación.

Manterase a actual tipoloxía mixta de edificación, permitíndose a exenta, arrimada e agrupada en fileira.

##### - Parámetros e condicións da edificación.

#### X Aliñación oficial..

Son as definidas nos Planos de ordenación, no seu defecto, as aliñacións de edificacións e cerramento estableceranse de acordo co tipo de vía a que dá fronte:

Vías tipo I: 11,75 m. medidos desde o eixe da calzada.

Vías tipo II: 8,00 m. medidos desde o eixe da calzada.

Vías tipo III: 6,00 m. medidos desde o eixe da calzada.

Nos tramos de vías tipo I e II que reúnan as características definidas na Lei de estradas e o seu regulamento, o organismo titular da estrada pode tramitar posteriores delimitacións de travesía, ben por propia iniciativa, ben a instancias do concello, podendo introduci-la fixación de liñas de edificación distintas das establecidas nesta Norma, tanto para a travesía como para o resto da zona urbana.

A edificación para completar liña inferior sobre as parcelas situadas nas marxes das vías tipo III que reunindo a condición de tramo consolidado e sendo a posición das edificacións que se atopan recuadas respecto do eixe do camiño distancias inferiores ás fixadas por esta ordenanza, poderán autorizarse os recuamentos dominantes, non inferiores a 4,0 m. do eixe. Dita excepción nunca será aplicable á marxe da vía que non reúna ditas condicións de consolidación e recuamento.

Cando coa aliñación xenericamente establecida, en ausencia de definición en planos, quedase fóra de liña algunha edificación que cumprise o resto dos parámetros desta ordenanza, poderá autorizarse completamentos de edificabilidade pendente de consumir sempre que quede garantido un paso libre entre dita edificación e a que exista ó lado oposto da vía de 16, 12 e 8 m. respectivamente para as vías tipo I, II e III.

#### X Liña de edificación exterior.

Coincidirá coa aliñación oficial delimitada sobre os Planos de ordenación, salvo tratamento de medianeiras e axustándose á rasante da vía. Nos demais casos poderase, con carácter opcional, deixar un recuamento verde de uso privado entre a aliñación oficial e a fachada anterior. Sobre a liña de edificación exterior autorízanse voos.

**X** Fondo edificable. Liña de edificación interior.

Establécese unha banda de 25 m. entre a aliñación oficial e a liña de edificación interior.

**X** Separación a lindantes.

O recuamento mínimo ós lindes da edificación exenta, ou arrimada nas súas fachadas recuadas, será de 2,50 metros.

**X** Fronte e superficie mínima da parcela.

Para ser susceptible de edificación a parcela haberá de ter un fronte de alomenos 12 metros en contacto co vial público sobre o que se apoie.

Con carácter xeral establécese unha parcela mínima de 250 m<sup>2</sup>. Para a promoción de vivendas familiares en edificación agrupada en fileira, a parcela mínima será o múltiplo de 250 m<sup>2</sup> por vivenda.

Excepcionalmente se permitirá parcelas inferiores á mínima aquí establecida nos casos seguintes:

Exímese de fronte mínimo para a tipoloxía arrimada.

Exímese de superficie e/ou fronte mínimo para as tipoloxías exenta e arrimada en tramos consolidados.

Exímese da superficie mínima da parcela para vivenda familiar situada entre colindantes edificados con anterioridade á aprobación deste documento, no procedente de segregacións posteriores.

**X** Edificabilidade. Ocupación.

A edificabilidade relativa máxima será de 0,6 m<sup>2</sup>/m<sup>2</sup>, non computando as edificacións auxiliares e/ou complementarias da principal de superficie non superior ós 30 m<sup>2</sup>.

A ocupación máxima da parcela será do 50%.

**X** Altura máxima. Rasantes.

A altura máxima da edificación será de 6,50 m., equivalentes a baixo e unha planta medidos desde a rasante. Autorízanse aproveitamentos baixo cuberta.

A rasante de edificación situada sobre a aliñación oficial será a rasante da vía, en posición libre sobre a banda edificable a rasante será a do terreo.

- Usos.

Permítese a vivenda familiar e como usos complementarios o hoteleiro, comercial, oficinas, salas de reunión, sanitario-asistencial, educativo, deportivo, recreativo, socio-cultural e espectáculos, así como industrial en categoría 10 e 20. Igualmente se autoriza garaxe-aparcamento en categorías 10, 20 e 50.

Para os aproveitamentos baixo cuberta autorízanse os usos de vivenda, locais de almacenamento e similares.

Os semisotos non computables en unha altura inferiores á vivenda familiar unicamente terá usos complementarios da mesma: garaxes, bodegas, etc.

- Condições especiais.

Ademais das condicións de volume anteriores, as novas edificacións que se sitúen nun tramo de vía denominada de "itinerario paisaxístico" e na marxe grafiada nos Planos de ordenación, deberán cumprir:

A edificación sempre será exenta.

O recuamento mínimo ós lindeiros, salvo as edificacións que coroen baixo a rasante da vía, será de 3,5 metros.

O cercado de cerramento de parcela non excederá 0,5 m. de elementos opacos debendo se-lo resto, ata unha altura máxima de 1,50 m. de materiais non opacos (teas metálicas ou equivalente) ou elementos vexetais non tupidos.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistente acorda aprobar o informe elaborado polo aparelador municipal e **remitilo á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas – Axencia de Protección da Legalidade Urbanística.**

## 6.- PROPOSTA DE GASTOS

Visto o disposto no artigo 95 da Lei 30/2007, de 30 e outubro, de contratos do sector público, que se definirán pola súa contía de conformidade co artigo 122.3, e nos que a tramitación do expediente só esixirá a aprobación do gasto, a incorporación ao mesmo da factura correspondente que reúna os requisitos regulamentariamente establecidos e no contrato menor de obras, ademais, o presuposto das obras, sen prexuízo da existencia do proxecto cando normas específicas o requiran.

Vistas as propostas de gasto que se detallan a continuación,

DEPARTAMENTO	CONCEPTO	PROVEDOR	PARTIDA	IMPORTE
PARQUES XARDÍNS	E Subministro de prantas para xardíns	VIVEROS JARDÍN AL MAR – Federico Curt Martínez	4321-22109 RC 887	603,48€
SEGURIDADE	Roupa para a Policía Local	PEYCAR PONTEVEDRA, S.L.	2220 22104 RC 891	2.023,04 €
CULTURA	Autocar a Vigo para celebración día internacional da Música: Escola Municipal de Música de Moaña	AUTOCARES BENITO GARCÍA	4510 22608 RC 886	300,00 €
SEGURIDADE	Sinais informativos	PL SEÑALIZACIONES , S.L.	4 2220 62300 RC 878	588,14 €

Vista a existencia de crédito orzamentario suficiente e adecuado no orzamento para o ano 2009 acreditado pola retención de crédito para gastos que se efectúan nas partidas mencionadas,



Vistas as competencias delegadas na Xunta de Goberno Local por resolución da Alcaldía de 18 de xullo de 2007,

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda aprobar a proposta de gasto, autorizando e comprometendo o gasto tal e como se reflicte na táboa.

## 7.- RELACIÓN DE FACTURAS

O delegado de Facenda propón que se aprobe a relación de facturas nº 165 presentada pola Intervención municipal de data 26 de maio de 2009, levada á Comisión de Facenda desa mesma data, por importe de 48.630,90 euros, cuxa relación empeza por CIBERNOVA MOAÑA, S.L. polo importe de 119,25 euros e remata coa factura SISTEMAS OFICINAS RIAS BAIXAS, S.L.U. polo importe de 192,41 euros, e que está integrada por tres anexos:

- Anexo I: gastos do ano 2009 que contan con autorización de gasto ou RC anual.
- Anexo II: gastos do ano 2009 que contan con Retención de crédito ao inicio da tramitación e proposta de gasto.
- Anexo III: gasto do ano 2009 que non contan con tramitación contable.

Factura	Interesado	Partida	Importe
019-09	CYBERNOVA MOAÑA S.L.		119,25
FV9/33	PUBLISAN MORRAZO, S.L.	4520 22601	90,48
847	ALMACENES CANDUCHO S.L.	4520 21200	35,82
235	MONTES COSTAL, Maria Luz	4220 22108	83,79
224	MONTES COSTAL, Maria Luz	4220 22108	131,28
225	MONTES COSTAL, Maria Luz	4220 22108	77,94
226	MONTES COSTAL, Maria Luz	4421 22108	127,61
227	MONTES COSTAL, Maria Luz	4220 22108	263,26
228	MONTES COSTAL, Maria Luz	3130 22108	154,70
229	MONTES COSTAL, Maria Luz	4513 22108	132,47
230	MONTES COSTAL, Maria Luz	4520 22108	143,70
231	MONTES COSTAL, Maria Luz	1210 22108	106,89
232	MONTES COSTAL, Maria Luz	3130 22108	75,25
233	MONTES COSTAL, Maria Luz	4220 22108	222,63
234	MONTES COSTAL, Maria Luz	4120 22108	22,13
236	MONTES COSTAL, Maria Luz	4220 22108	64,47
237	MONTES COSTAL, Maria Luz	4220 22108	166,04
238	MONTES COSTAL, Maria Luz	4511 22108	51,55
240	MONTES COSTAL, Maria Luz	3130 22108	26,31
241	MONTES COSTAL, Maria Luz	3130 22108	64,50
245	MONTES COSTAL, Maria Luz	3130 22108	50,11
290323	TELGA COMUNICACIONES S.L.	2220 20900	89,27
6745	JUCONS GALAICA S.L.U.	5110 20300	166,34
A153	FERNANDEZ S.L.	5110 22300	962,80
A152	FERNANDEZ S.L.	4520 21200	252,74

4343	GASOLEOS DEL MORRAZO SANCHILAN	5110 22103	1.567,88
4345	GASOLEOS DEL MORRAZO SANCHILAN	2221 22103	43,11
4346	GASOLEOS DEL MORRAZO SANCHILAN	2220 22103	306,27
772	EIDON ROSENDO, Virginia	1110 22601	481,50
35	RELE CALEFACCION S.L.	4220 21200	1.009,20
2056	MADERAS COBRES, S.L.	4510 22608	654,88
4040	MADERAS COBRES, S.L.	4220 21200	72,85
8	PORTELA CALVAR, JOSE	4510 22608	792,00
900004	URBASER S.A.	4420 22608	17.933,32
15	ORAL DE GALICIA	4511 22608	87,50
4344	GASOLEOS DEL MORRAZO SANCHILAN	1210 22103	58,09
74/2009	RUA RUA, F. David	4320 22111	54,15
73/2009	RUA RUA, F. David	4320 22111	270,74
72/2009	RUA RUA, F. David	4320 22111	216,60
71/2009	RUA RUA, F. David	4320 22111	54,15
70/2009	RUA RUA, F. David	4320 22111	162,45
69/2009	RUA RUA, F. David	4320 22111	216,60
68/2009	RUA RUA, F. David	4320 22111	54,15
67/2009	RUA RUA, F. David	4320 22111	216,60
75/2009	RUA RUA, F. David	5110 22109	29,00
22012838	INITIAL TEXTILES E HIGIENE, S.L.	1210 22611	92,58
059/09	CYBERNOVA MOAÑA S.L.	1210 21600	351,87
27	RELE CALEFACCION S.L.	4220 21200	1.205,24
28	RELE CALEFACCION S.L.	4520 21200	90,48
32	RELE CALEFACCION S.L.	5110 21200	3.016,00
642	GRUPO DE PORTOS DE PONTEVEDRA	1210 22600	26,03
1118/09	TANGRAN MATERIALES Y JUEGOS DIDACTICOS	3130 62500	1.719,17
FV9/159	NERADE NETWORKS S.L.L.	1210 21600	904,80
58/09	CYBERNOVA MOAÑA S.L.	1210 22002	31,00
62	PARDO FABEIRO, ANTONIO	1210 22603	558,03
19636	GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.	4520 22102	96,89
87/09	MONTAJES OGANDO S.L.	4430 22109	24,81
86/09	MONTAJES OGANDO S.L.	4513 22109	310,55
5245	FAINCO INDUSTRIAL S.L.	4421 21200	128,18
1030239	R CABLE Y TELECOMUNICACION DE GALICIA	3130 22200	85,88
A108	FERNANDEZ S.L.	5110 21000	2.489,36
A107	FERNANDEZ S.L.	5110 21000	1.112,03
141/09	E. BERMUDEZ E HIJOS S.L.	4520 22608	1.500,00
142/09	E. BERMUDEZ E HIJOS S.L.	4520 22608	1.500,00
143/09	E. BERMUDEZ E HIJOS S.L.	4520 22608	1.500,00
900685	IMPERNOSA	4440 22109	174,00
2939	RECAMBIOS MOLARES, S.L.	5110 21400	175,51
4748	FEDERACION ESPAÑOLA DE MUNICIPIOS	1210 22600	1.053,32
2008/A/227	ROMERO SOLIÑO S.L.	5110 22109	616,40
126/09	IRISAR DISEÑO E IMPRESION, S.L.L.	4440 22602	46,40

18	FERNANDEZ SANMARTIN, Celso	4511 22608	120,00
54/2009	TITERES CACHIRULO, S.L.	4511 22608	116,00
26	JUNCAL BARROS, Israel	4520 22601	197,20
27	JUNCAL BARROS, Israel	4520 22601	182,70
28	JUNCAL BARROS, Israel	4520 22601	812,00
29	JUNCAL BARROS, Israel	4520 22601	304,50
873412	SISTEMAS OFICINAS RIAS BAIIXAS S.L.U.	3130 22003	127,60
<b>TOTAL.....</b>			<b>48.630,90</b>

Visto o informe do interventor 98/2009 do 27 de maio de 2009, no que se refire ao incumprimento nalgúñas facturas incluídas nos anexos II e III de trámites previstos na Lei de contratos do sector público, nas bases de execución do orzamento e no RD 1496/2003, así como a asunción de gastos orixinados por asociacións deportivas e clubs de xubilados, alleos a este concello por non tratarse de gastos producidos pola súa organización e no exercicio das súas competencias,

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda o recoñecemento da obriga das facturas relacionadas na **relación número 165**, con cargo ás partidas orzamentarias que figuran nela, para evitar o enriquecemento inxusto da Administración, por entender que os servizos foron efectivamente executados e, noutros casos, por entender que o pago dos servizos correspóndelle realizalo ao Concello.

## **8.- LIQUIDACIÓNS DA TAXA POR UTILIZACIÓN PRIVATIVA OU APROVEITAMENTO ESPECIAL DO SUBSOLO, SOLO E VOO DA VÍA PÚBLICA**

Visto o informe da Tesourería municipal do 1 de xuño de 2009, en relación á liquidación da taxa por ocupación do solo, subsolo e voo do dominio público municipal polas declaracións relativas aos ingresos brutos presentada polas empresas subministradoras Unión Fenosa Distribución, S.A., no que indica:

Consonte ó disposto no artigo 24 do TRLRFL, o importe a liquidar correspóndese co 1,5% dos ingresos brutos procedentes da facturación da empresa que preste os seus servizos no termo municipal correspondente.

Entenderase por ingresos brutos procedentes da facturación aqueles que, sendo imputables a cada entidade, fosen obtidos por aquela como contraprestación polos servizos prestados en cada termo municipal, excluídos os impostos indirectos que os graven e as partidas ou cantidades cobradas por conta de terceiros que non constitúan un ingreso propio da entidade á que se lle aplique este réxime especial de contificación da taxa.

En aplicación do anteriormente exposto, remítase á Xunta de Goberno Local, a liquidación das taxas indicadas a efectos da súa aprobación e notificación ós interesados .

**\*Unión Fenosa Distribución S.A(CIF A82153834)**

	BASE DA TAXA(euros)	IMPORTE TAXA(euros)
		BASE*0,015
XANEIRO	767.984,54	11.519,76
FEBREIRO	402.875,95	6.043,14
MARZO	511.085,75	7.666,29
ABRIL	404.693,36	6.070,40
<b>TOTAL</b>	<b>2.086.639,60</b>	<b>31.299,59</b>

**\*France Telecom España S.A(CIF A 82009812)**

	BASE DA TAXA(euros)	IMPORTE TAXA(euros)
		BASE*0,015
<b>TOTAL 1ºTRIMESTRE</b>	<b>25.721,29</b>	<b>385,82</b>

**\*Iberdrola S.A(CIF A48010615)**

	BASE DA TAXA(euros)	IMPORTE TAXA(euros)
		BASE*0,015
<b>ABRIL</b>	<b>7.655,61</b>	<b>114,83</b>

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda aprobar as contías das liquidacións reflectidas no informe da Tesourería, correspondente á taxa por ocupación do solo, subsolo e voo do dominio público local de Unión Fenosa S.A. por importe de 31.299,59 euros, France Telecom España, S.A. por importe de 385,82 euros e Iberdrola, S.A. por 114,83 euros, polos períodos que se recollen no informe, e notificarlle o acordo á Recadación municipal para o seu cobro.

## 9.- AXUDA AOS ESTUDOS DOS FILLOS DOS/AS TRABALLADORES/AS LABORAIS DO CONCELLO

Vistas as solicitudes para axudas aos estudos para o curso 2008/2009 presentadas por traballadores e traballadoras contratadas en réxime laboral (fixo e temporal), recollidas na relación que achega o Departamento de Persoal,

Visto o convenio colectivo do persoal laboral do Concello de Moaña, en concreto os puntos relativos ao seu ámbito de aplicación e ao fondo de acción social, e vistas as sentenzas do Xulgado do Social nº 1 de Vigo do 05.12.08 e 26.11.08,

Visto o informe de Intervención de data 29 de maio de 2009 emitido polas solicitudes destas axudas, no que informa favorablemente a concesión e tramitación de todas, agás as que se refiren a axudas de estudos na Escola Oficial de Idiomas, ao tratarse de ensinanzas de réxime especial e non recollese estas no artigo 24 do Convenio colectivo.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos integrantes asistentes, acorda:

**PRIMERO:** Aprobar as seguintes relacións de axudas aos estudos do persoal laboral –fixo e temporal- do Concello de Moaña para o curso 2008/2009, e recoñecer a obriga e declarar de pagamento a cada traballador/a relacionado/a as cantidades indicadas, con cargo a partida orzamentaria **1210-16204** e imputalas á retención de crédito nº de documento 890.

<b>PERSOAL LABORAL FIXO (anexo I)</b>
---

CONCELLO DE MOAÑA	Educion Infantil	1º a 6º Primaria	3º - 4º ESO - F.P.	Universidade
<b>Axuda libros curso 2008/2009</b>	Todos os cursos	1º e 2º da ESO	1º e 2º Bachelato	40% matrícula
Importe das axudas	<b>60,10 €</b>	<b>90,15 €</b>	<b>120,20 €</b>	<b>Mínimo 210,35</b>

APELIDOS E NOME					TOTAL
ABAL JUNCAL, Telesforo			1	1	<b>409,76 €</b>
BLANCO MOLEDO, Elvira			1		<b>120,20 €</b>
BLANCO NOGUEIRA, Fco. Javier		1			<b>90,15 €</b>
CABEIRO DOPICO, Angeles			1		<b>120,20 €</b>
CHAPELA GONZALEZ, Ramón A.				2	<b>448,04 €</b>
GARCIA GOMEZ, Susana		2			<b>180,30 €</b>
GARCIA TRIGO, Jesús			1		<b>120,20 €</b>
GONZALEZ CORTEGOSO, Mª Luisa		1	1		<b>210,35 €</b>
ORDAS CANCIAN, Graciela		2	1		<b>300,50 €</b>
PARADA FERNANDEZ, Rosario			2		<b>240,40 €</b>
PARAMOS CORRALES, Angel M.		2			<b>180,30 €</b>
PAREDES PAREDES, José		1			<b>90,15 €</b>

PIÑEIRO COSTA, Eugenio V.			1	1	370,33 €
RUA SANTOME, Pablo	1				60,10 €
SOAGE BERNARDEZ, Mar			2		240,40 €
SOLLA RIOBO, José Luis	1		1		180,30 €
SOTO VIÑAS, Paula		1			90,15 €
VEIGA RIBEIRO, Javier			1		120,20 €

**TOTAL**            **3.572,03**  
 ...

**PERSOAL LABORAL TEMPORAL  
(anexo II)**

CONCELLO DE MOAÑA	Educion Infantil	1º a 6º Primaria	3º - 4º ESO - F.P.	Universidade
<b>Axuda libros curso 2007/2008</b>	Todos os cursos	1º e 2º da ESO	1º e 2º Bachelato	Todos os cursos
Importe das axudas	<b>60,10 €</b>	<b>90,15 €</b>	<b>120,20 €</b>	<b>210,35 €</b>

BARCIA GARCIA, Maria Eugenia		2			180,30 €
GARCIA LORENZO, Maria Elena		1			90,15 €
RIOBO VIEITEZ, Urano		1			90,15 €
TOME SILVA, Maria del Carmen			1		120,20 €

**TOTAL**            **300,50 €**  
 .....

**SEGUNDO:** Denegar a axuda solicitada por D.<sup>a</sup> Gloria Chapela Lemos xa que os estudos que se desenvolven na Escola Oficial de Idiomas son ensinanzas de réxime especial, segundo o artigo 3 da Lei orgánica, 2/2006, e non recollerse estas no obxecto do artigo 24 do Convenio colectivo

**10.-ALTAS NO SERVIZO DA LUDOTECA**

Visto o informe do 26 de maio de 2009 da coordinadora da Ludoteca, co visto e prace da Concelleira de Igualdade, a Xunta de Goberno, por unanimidade dos persoas asistentes, acorda dar de alta no servizo municipal da Ludoteca aos seguintes usuarios, con indicación do nome dos menores, o nº de socio, tarifa que lles corresponde e nome do/a responsable obrigado ao seu pagamento:

<b>Socio</b>	Sergio Otero Chapela	<b>Art. 4 Epgr.3º a</b>
<b>160</b>	Mª Esther Chapela Fervenza	78.733.641 H
<b>Socio</b>	Aina Otero Chapela	<b>Art. 4 Epgr.3º a</b>

161	Mª Esther Chapela Fervenza	78.733.641 H
-----	----------------------------	--------------

### **11.- CERTIFICACIÓN Nº 1 E ÚNICA DA OBRA “INSTALACIÓN DE ALUMEADO PÚBLICO ENTRE A CERRADIÑA E A DEVESA (DOMAIO-MOAÑA)”.**

Dáse conta da certificación nº 1 e única da obra “INSTALACIÓN DE ALUMEADO PÚBLICO ENTRE A CERRADIÑA E A DEVESA (DOMAIO-MOAÑA)”, presentada pola empresa CORUÑESA DE AHORRO ENERGÉTICO, S.L.U., asinada polo director de obra D. Xosé Manuel Carballo Moldes, por importe de 100.000,00 euros

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda:

**Primeiro:** Levantar o reparo da Intervención recollido no seu informe de data 1 de xuño de 2009, por entender que as obras foron efectivamente executadas e para evitar o enriquecemento inxusto da Administración.

**Segundo:** Aprobar a certificación nº 1- única da obra “Instalación de alumeado público entre A Cerradiña e A Devesa (Domaio-Moaña)” de data 18 de maio de 2009, por importe de 100.000,00 € .

**Terceiro:** Aprobar a factura nº 59/2009, de CORUÑESA DE AHORRO ENERGÉTICO, S.L.U., de data 18 de maio de 2009, polo importe de 100.000,00 euros, recoñecendo a obriga con cargo á partida 4320.60115.

### **12.- CERTIFICACIÓN Nº 1 E ÚNICA DA OBRA “INSTALACIÓN DE ALUMEADO PÚBLICO ENTRE O POMBAL E COUSO (MEIRA-MOAÑA).”**

Dáse conta da certificación nº 1 e única da obra “INSTALACIÓN DE ALUMEADO PÚBLICO ENTRE O POMBAL E COUSO (MEIRA-MOAÑA)”, presentada pola empresa CORUÑESA DE AHORRO ENERGÉTICO, S.L.U., asinada polo director de obra D. Xosé Manuel Carballo Moldes, por importe de 100.000,00 euros

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda:

**Primeiro:** Levantar o reparo da Intervención recollido no seu informe de data 1 de xuño de 2009, por entender que as obras foron efectivamente executadas e para evitar o enriquecemento inxusto da Administración.

**Segundo:** Aprobar a certificación nº 1- única da obra “Instalación de alumeado público entre o Pombal e Couso (Meira-Moaña)” de data 18 de maio de 2009, por importe de 100.000,00 € .

**Terceiro:** Aprobar a factura nº 60/2009, de CORUÑESA DE AHORRO ENERGÉTICO, S.L.U., de data 18 de maio de 2009, polo importe de 100.000,00 euros, recoñecendo a obriga con cargo á partida 4320.60116.

### 13.- VADOS

D. JESÚS B. NÚÑEZ PENA presenta instancia na que solicita un vado permanente en Veigadarca, 105, para o que presenta o recibo de pago das taxas por un importe de 90,00 euros (75 € vado e 15 € do sinal).

Visto o informe favorable do inspector xefe da Policía Local do concello de Moaña do 22 de maio de 2009, no que se indica que non existe inconveniente en que se lle conceda autorización de reserva para un ancho de 4 metros, a contar dende a esquina da entrada do garaxe cara á porta de entrada da mencionada vivenda. A entrada do garaxe ten unha anchura de 3 metros, non entanto, necesita un metro máis para facilitar as maniobras de entrada e saída.

Visto o informe do inspector de obras do día 19 de maio de 2009 que indica que se encontra en zona urbana,

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda aprobar o vado solicitado por D. JESÚS B. NÚÑEZ PENA, cunha entrada do garaxe de 3 metros máis 1 metro máis para facilitar as maniobras de entrada/saída, polo cal presenta o recibo de taxas por un importe total de 90,00 € e que se notifique o presente acordo á Recadación municipal.

### 14.- SERVIZO DE AUGAS AQUALIA: CONEXIÓNS AUGAS E SANEAMENTO

Á vista das solicitudes presentadas, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda aprobar as que se relacionan a continuación.

	Servizo	Lugar	Taxas aboadas	Informe favorable
JOSÉ BENITO MARIÑO TOUZA	Saneamento, uso doméstico	Broullón 15 F	Conexión sumidoiro.....180 €	Aqualia
PABLO PONTE GONZÁLEZ	Saneamento, uso doméstico	Calvar – 11 A, Domaio, 3º B	Conexión sumidoiro.....180 €	Aqualia Arq. Téc. Munic.

Sen máis asuntos que tratar, a Presidencia dá por rematada a sesión, ás 19:14 horas do día fixado no encabezamento, de todo o que, como secretario accidental, DOU FE.